



ACTIVIDADES DO MUSEO E DA ASOCIACIÓN DE AMIGOS DO CASTRO DE VILADONGA



Retomamos esta sección habitual de CROA despois de dous anos de interrupción, pois estamos seguros de que é un apartado do Boletín demandado polos socios, e mesmo polos lectores que non o son, pois permite un achegamento ás actividades do Museo e da Asociación, relacionadas, maiormente pero non de xeito exclusivo, co Castro de Viladonga.

No Museo produciuse unha renovación museográfica completa, iniciada no ano 2007 na Sala de Información Complementaria e rematada este ano 2009 no resto das salas destinadas ó público. Os renovados sistemas expositivos (vitrinas, paneis, soportes, rótulos...) e as novas técnicas museográficas adaptáronse a un discurso museolóxico que en esencia non se modificou excesivamente, senón que tamén se actualizou conforme os fondos arqueolóxicos agora existentes (despois dunha decena máis de campañas de escavación) e consonte as informacións que o estudo continuo das estruturas e materiais permiten facer.

As características da nova montaxe son fieis á interpretación arqueolóxica, histórica e mesmo antropolóxica dos restos do castro. Trátase dunha visión, se se quere, funcionalista pero moi matizada e moi integrada no medio natural e no seu contexto precisamente arqueolóxico e histórico. Así pois, a instalación do Museo ofrece os resultados da interpretación que se fai da cultura castrexa e galaico-romana con base nos restos, estruturais e obxectuais do castro, pero tamén tendo moi en conta outras informacións arqueolóxicas e históricas que sexan útiles, ademais de complementalo co apoio que nos ofrece a etnoloxía e mesmo a antropoloxía cando queremos coñecer e explicar as sociedades que nos precederon e que, nalgúnhas cousas, non son tan diferentes da cultura rural tradicional que era común en Galicia ata hai ben poucas décadas.



Na renovación das salas do Museo botouse man das novas tecnoloxías pero dun xeito controlado, para que o medio non devore e prevaleza sobre a información, e limitado, para non restarlle preponderancia ó patrimonio arqueolóxico real, que debe ser o principal protagonista da visita e que é o que motiva o Museo, e para promover así mesmo o razoamento dedutivo e indutivo nos seus visitantes.

En canto a outras actuacións, cómpre citar no apartado de obras a renovación e arranxo do pavimento do aparcadoiro do castro, que se facía moi necesario polo incómodo que se convertía nas épocas de chuvia, así como outras reparacións menores no edificio e o cambio das cancelas do xardín do Museo.

No outono acometeuse a campaña de escavación e posterior consolidación das construcións aparecidas nos anos 2007 e 2008, que permitiron deixar en mellor estado de conservación, e por tanto, de visita e comprensión, esta zona situada á esquerda da entrada

da croa. Neste número de CROA atopará o lector un informe destes traballos arqueolóxicos nun resumo breve e apresurado, dado o recente e inmediato remate da campaña.

En 2009 realizáronse tamén dúas limpezas completas do castro, croa e murallas principais e zonas anexas ó Museo, e aínda así foi practicamente necesaria unha terceira, por mor das condicións meteorolóxicas deste ano, con alternancia sucesiva de auga e calor, o que fixo “desmandarse” a vexetación en toda a extensión do asentamento. Ándase á procura de atopar unha solución estable para esta necesidade crónica de limpezas periódicas no sitio arqueolóxico, pero as dificultades administrativas semellan ás veces irresolubles cando a solución non semella tan difícil, pero así é...

Moitas veces se ten destacado o importante papel que a Asociación de Amigos do Castro de Viladonga desempeñou desde a súa creación en 1989, e é de



xustiza seguir resaltándoo, por canto o funcionamento á par e en boa sintonía permite varias accións en común, en realidade todas as que a fan tanto o Museo como propia Asociación. Por iso, procede incluílas tamén neste breve relatorio de actividades.

A Asociación colabora activamente na celebración do Día dos Museos e, moi especialmente desde o ano 2004, na Noite dos Museos, sufragando ademais parte dos gastos que se producen con motivo de tal efeméride. No ano 2009, o programa conxuntou de novo unha manifestación de xogos populares (con especial mención para o papel do consocio Mario Saavedra) coa música, nesta ocasión a cargo da cantante clásica Noemí Mazoy, e coa colaboración do grupo de gaiteiros 'Os Valuros' de Castro de Rei, a todo o cal se xuntou o sempre agardado refrixerio e a queimada posterior que tan ben conduce e anima o presidente da Asociación, Xosé Manuel Carballo, e rematouse coa habitual visita nocturna ó castro á luz de fachos e lanternas.

A Asociación colabora tamén estreitamente na elaboración deste mesmo Boletín CROA, pois é o órgano de expresión común a ela e ó Museo e, igualmente, mantén o sitio web www.aaviladonga.es, que é o máis utilizado polos internautas e que, hai que comentalo aquí, está en vías de ser actualizado tanto en deseño como en contidos. Neste punto cómpre facer agradecemento expreso do traballo que neste ámbito fixo o socio Enrique Montenegro desde a creación de dita páxina web en 1994 ata 2007, pois a el débese todo o feito ata agora.

Outras accións da Asociación a prol da difusión do Museo e do seu contido, son as reproducións de pezas e obxectos do castro para a súa venda ó público (exclusivamente na recepción do Museo), a doazón e adquisición de libros para a biblioteca e, en fin, na colaboración da difusión e da asunción da importancia e dos valores do noso patrimonio cultural, especialmente o chairego e lucense. Neste sentido, representantes do Museo e da Asociación participaron

tamén activamente na conmemoración anual colectiva da ruta de sendeirismo do Azúmara (outros anos tócalle á ruta do Monte da Escrita), na celebración etnográfico-lúdica que é a Festa da Meda e a Malla de Castro de Rei, así como na dedicación dunha rúa nesta vila ó que foi presidente de Honra da Asociación, Emilio Sinde Nieto.

Igualmente, participouse no Congreso da FEAM (*Federación Española de Amigos de los Museos*) celebrado en Vigo no mes de marzo; neste mesmo mes realizouse unha viaxe cultural a Portugal para visitar o conxunto de arte rupestre de Foz Côa e os sitios arqueolóxicos de Marialba e *Tongobriga* entre outros lugares.

Por último, proseguíuse coa recollida de fotos etnográficas na comarca e confeccionáronse os carnés de socios que, xunto cunha tarxeta da FEAM, dá certos dereitos e vantaxes en determinados museos españois.

Pero -sempre hai un “pero”-, como noutras ocasións tamén hai que chamar a atención sobre a necesidade dunha maior implicación dun máis amplo número de socios nas actividades, sexan do Museo ou da Asociación ou de ambas as entidades conxuntamente. Ben sabemos que este é un “mal” que afecta a todos os colectivos similares, pero é igualmente obrigado reclamar esa maior participación en todas as accións promovidas por ambas as entidades. Dito queda, unha vez máis.

Scrpsit tamquam testis:

Felipe Arias Vilas

Director do Museo e vogal da Xunta Directiva da Asociación